


O documento que vai ler a continuación é un contrato con BBVA para recibir un servizo de investimento. O contrato corresponde ao **servizo de xestión discrecional de carteiras**.

Resumo do servizo:

Vostede pon a dispor do Banco un patrimonio determinado co fin de que a entidade adopte, no seu nome e sen consultalo, as decisións de investimento que estime máis convenientes. O Banco adoptará esas decisións de acordo cos criterios que ambos os dous fixemos neste contrato. Pola devandita actuación, o Banco cobraralle unha comisión e remitiralle información periódica sobre a composición e valoración dos seus investimentos e os seus rendementos.

O contrato está composto por 5 partes:

1. Identificación das partes contratantes.
2. As condicións xerais onde se explica tanto o funcionamento xeral coma os dereitos e obrigas de vostede e BBVA en relación co servizo prestado.
3. As condicións particulares onde se detallan os criterios de investimento, así coma as autorizacións específicas para a xestión da súa carteira xestionada.
4. O Anexo I onde se indican as comisións do servizo.
5. O Anexo II sobre criterios de valoración aplicables aos activos financeiros en carteiras.

Xunto ao anterior, entregaráselle un glosario coas palabras marcadas coa icona  cunha explicación detallada destas para facilitar a súa comprensión.

Tome o tempo que precise e léao atentamente. Asegúrese de que a información sobre vostede é correcta e de que comprende o contido de todo o contrato e os produtos que poden compoñer a súa carteira.

Se ten algunha dúbida, por favor, pregunte antes de asinar. Se non recibe unha resposta que o satisfaga, non dubide en preguntar de novo. Vostede non debe asinar o contrato no caso de que teña algunha dúbida sen resolver ou non entenda algún apartado deste. A súa sinatura ao final significará que está conforme con este.

IDENTIFICACIÓN DAS PARTES CONTRATANTES

Por unha banda, o seu nome e apelidos ou, de ser o caso, denominación social (en diante, "**vostede ou o "Titular"**):

a) Persoas físicas:

NOME E APELIDOS

NIF

Nacionalidade

Domicilio fiscal:

Rúa:

Localidade:

Provincia:

CP:

Telf.:

Domicilio postal:

Rúa:

Localidade:

Provincia:

CP:

Telf.:

a) Persoas físicas:

NOME E APELIDOS

NIF

Nacionalidade

Domicilio fiscal:

Rúa:

Localidade:

Provincia:

CP:

Telf.:

Domicilio postal:

Rúa:

Localidade:

Provincia:

CP:


Telf.:

Por outra banda, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., como xestor da súa carteira (en adiante, o **"Banco"** ou **"BBVA"** ou **"nós"**)

DATOS PERSOAIS

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., con CIF _____ representado por _____, con DNI _____, na súa condición de apoderado segundo escritura outorgada perante o Notario de Madrid _____ co número _____ de orde do seu protocolo, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

DOMICILIO SOCIAL en Bilbao, Plaza de San Nicolás, n.º 4

Inscrito no Rexistro Mercantil de Biscaia no Tomo 2083, Libro 1545, Sección 3.ª, Folla 14741 e no Rexistro de Entidades de Banco de España co n.º 0182, entidade habilitada para a prestación do servizo de xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimento e suxeita a supervisión do Banco de España (rúa Alcalá, n.º 48 28014- Madrid) e da Comisión Nacional do Mercado de Valores  (rúa Edison n.º 4, 28006 Madrid).

CONDICIÓN XERAIS DO CONTRATO-TIPO DE XESTIÓN DISCRECIONAL DE CARTEIRAS**N.º de carteira:****Código de idoneidade:****1. Cal é obxecto do contrato?**

1.1. Este servizo facilítalle que BBVA, como xestor profesional e experto, xestione, no seu nome e representación, un patrimonio determinado, adoptando sobre este decisións de investimento adaptadas ao seu perfil investidor segundo a avaliación de idoneidade que se lle efectuou con carácter previo á prestación do servizo.

O patrimonio obxecto de xestión en cada momento comporano (i) todos os instrumentos financeiros que estean depositados na súa conta de valores asociada a este contrato; (ii) os contratos financeiros ou depósitos estruturados asociados a este contrato; (iii) as participacións dos fondos de investimento nacionais rexistradas ao seu nome na xestora baixo este contrato; (iv) o efectivo que en cada momento teña depositado na conta corrente asociada a este contrato e (v) os rendementos que se obteñan das operacións anteriores. Os activos establecidos nos apartados (i), (ii) e (iii) anteriores denomínanse “os Instrumentos” ou “os Instrumentos financeiros”.

O efectivo ou a relación de instrumentos que se achegue inicialmente á carteira xestionada, neste último caso tras a conformidade do Banco, poderá variar como consecuencia de novas achegas, retiradas ou traspasos, por efecto, entre outros, de compras, vendas, subscricións ou reembolsos e polas amortizacións que poidan producirse.

As novas achegas de efectivo ou de instrumentos de calquera tipo á súa carteira, neste último caso tras a conformidade do banco, integrarán o patrimonio da súa carteira xestionada.

Tanto no caso de achegas iniciais coma sucesivas, ao non adoptarse pola nosa parte a decisión de investimento, quedamos exonerados de calquera responsabilidade derivada das devanditas operacións.

A xestión realizada polo Banco non poderá superar, agás nos supostos que puidese establecer a lexislación aplicable, a suma do patrimonio achegado inicialmente ou en sucesivas ocasións por vostede e o importe dos créditos/empréstitos que vostede poida obter para esta finalidade.


O contrato ten carácter solidario, o que significa que, no suposto de cotitularidade, os dereitos e obrigacións derivados deste pode exercelos calquera dos titulares na súa totalidade e sen limitación ningunha. En consecuencia, calquera dos titulares poderá, por si mesmo, entre outros, cursar as ordes ao abeiro deste contrato, reclamar información e, en xeral, exercer cantos dereitos sexan inherentes á titularidade. Para a extinción do contrato, esixírase o acordo de todos os titulares.

1.2. Antes de asinar este contrato, realizámoslle unha avaliación de idoneidade que vostede asinou e da que lle entregamos unha copia. Segundo o resultado da devandita avaliación, asignámoslle un perfil investidor. A xestión da súa carteira efectuarase consonte o devandito perfil investidor e as especificacións establecidas nas Condicións Particulares.

Consideramos completos e reais todos os datos que vostede nos facilitou para realizar a avaliación de idoneidade, sendo a súa responsabilidade que todos os devanditos datos sexan certos. Se algún deles cambiase, por favor comuníquenolo por escrito o antes posible. O Banco conta con procedementos internos de comunicación para obter a actualización da información que vostede nos facilitou.

1.3. Vostede pode modificar:

- (i) os parámetros que determinan o seu perfil investidor e que se recollen na avaliación de idoneidade, en cuxo caso deberá realizar unha nova avaliación que substituirá á anterior e que fixará o seu novo perfil investidor desde o momento que vostede a asine e se incorpore mediante Anexo a este contrato.
- (ii) O resto de apartados das condicións particulares, incluídos os Instrumentos autorizados e as limitacións á xestión, asinando unhas novas Condicións Particulares ou un anexo que as modifique.

Teña en conta que a modificación dos criterios xerais de investimento durante o transcurso do contrato, a retirada de Instrumentos, a limitación sobre a xestión dalgún Instrumento ou a terminación do contrato antes do horizonte temporal  fixado pode ter efectos negativos no rendemento da súa carteira.

Poderemos realizar as operacións ou cumprir as obrigas que estivesen en curso con anterioridade á modificación dos criterios de investimento.

2. Como se pode formalizar este contrato?

2.1. Vostede pode formalizar este contrato por calquera das canles que o Banco teña dispoñibles en cada momento para este servizo.


2.2. No suposto de que o contrato se formalice nunha oficina, entrará en vigor na data e hora en que vostede e, de ser o caso, o resto de titulares, asinen a documentación.


2.3. No caso de contratación a través de sinatura diferida, será de aplicación o previsto no apartado 14 seguinte.

3. Cal é a retribución do Banco?

3.1. No Anexo I recóllese cal é a comisión de xestión que o Banco vai recibir de vostede pola prestación do servizo de xestión discrecional de carteiras.

Non aceptaremos de terceiros ningún honorario, comisión ou outros beneficios monetarios ou non monetarios (incentivos) e, no caso de recibilos, aboarémolos, coa excepción dos beneficios non monetarios menores que si se poderán percibir e que son beneficios que consisten, entre outros, en:

- (i) información ou documentación relativa a un instrumento financeiro ou un servizo de investimento, de índole xenérica ou personalizada, para reflectir as circunstancias dun determinado cliente;
- (ii) materiais escritos de terceiros encargados e aboados por un emisor  ou un posible emisor para promover unha nova emisión pola sociedade en cuestión;
- (iii) a participación en conferencias, seminarios ou outras actividades de formación sobre os beneficios e características dun determinado instrumento financeiro ou servizo de investimento;
- (iv) os gastos de representación razoables de escaso valor, como as dietas durante unha reunión empresarial ou unha conferencia, seminario ou outra actividade de formación.

Os beneficios non monetarios menores que se perciban son concibidos para mellorar a calidade do servizo prestado, xa que temos en conta unha ampla gama de produtos, incluído un número apropiado de instrumentos de terceiros provedores que carecen de vínculos estreitos  connosco e que, polo tanto, non prexudican o cumprimento da nosa obriga de actuar no seu mellor interese.

3.2. Poderemos modificar as comisións e demais condicións previstas neste contrato, tras comunicarllo a vostede, cunha antelación mínima dun mes desde a recepción da devandita comunicación. Vostede poderá opoñerse á aplicación das modificacións antes de que remate o devandito prazo. A oposición suporá a cancelación anticipada inmediata deste contrato sen custos para vostede e, polo tanto, a finalización da prestación do servizo coas consecuencias que se indican na Condición Xeral 4 máis adiante. As modificacións favorables para vostede poderanse aplicar de inmediato e sen previo aviso.

4. Como funciona o servizo contratado?

4.1. Encargarémonos da selección dos produtos, a toma de decisións de investimento, así como da execución e liquidación das operacións contratadas en nome e por conta súa. Para que isto sexa posible, autorízanos a que, coa nosa sinatura:

- (i) ordenemos toda clase de operacións de compra, venda, subscripción, cesión, renuncia, reembolso, traspaso, troco ou conversión sobre as categorías de Instrumentos descritos nas condicións particulares, nos termos que consideremos convenientes;
 - (ii) executemos as ordes que se efectúen baixo este contrato, cando proceda, fóra dun centro de negociación; realicemos operacións que impliquen a achega de garantías, entre outras, aquelas que se produzan na operativa de derivados listados (se é que vostede autorizou estes instrumentos) e realicemos operacións que impliquen un risco de tipo de cambio;
 - (iii) percibamos dividendos, cobremos xuros e paguemos os impostos e os gastos que impliquen as operacións a que se refire o contrato;
 - (iv) exerzamos todos os dereitos políticos e económicos, neste último caso sempre que vostede delegase delegado o voto e de acordo co indicado no apartado 6.7 seguinte;
 - (v) cumpramos todas as obrigas propias das operacións anteriormente mencionadas, incluídas as de solicitude de información ás entidades emisoras e/ou pagadoras;
 - (vi) subscribamos cantos documentos sexan necesarios de acordo cos pactos e condicións que consideremos oportunos no seu interese para a xestión da carteira que temos encomendada, a través de empresas de servizos de investimento, notarios públicos e demais intermediarios ou entidades legalmente autorizadas, e
 - (vii) efectuemos cantas operacións e actos sexan necesarios para a administración e xestión da carteira que nos encarga.
- 4.2. Vostede non poderá efectuar operacións pola súa propia iniciativa sobre o patrimonio que conforma a carteira xestionada, agás aquelas que supoñan a venda ou traspaso de instrumentos ou efectivo e/ou a saída de instrumentos ou efectivo da carteira. Ao non adoptar o Banco nestes casos a decisión de investimento, quedamos exonerados de calquera responsabilidade derivada das devanditas operacións.

Vostede non ten dereito a desistir da orde cursada con independencia do canle utilizado para a súa formalización.

Debe ter en conta que, no caso de que vostede queira efectuar algunha operación que supoña a venda ou traspaso de instrumentos da súa carteira, existen uns prazos de aviso previo para tramitar as correspondentes ordes, os cales dependen do instrumento de que se trate. Existen ademais, instrumentos ilíquidos consonte o que se lle indica na condición particular 4.2.

Teña en conta que con esas ordes vostede pode alterar a estratexia de xestión, o que poder ter efectos negativos no rendemento da súa carteira.


- 4.3. Este servizo require que vostede sexa titular dunha conta corrente e unha conta de valores. Estas contas identifícanse nas "Condicións Particulares" e serán de uso exclusivo para este contrato.

Na conta de valores quedarán depositados os instrumentos financeiros que compoñan o patrimonio inicial, aqueles que se adquiran ou acheguen baixo este contrato e os resgardos ou demais xustificantes acreditativos da devandita propiedade. As participacións dos fondos de investimento nacionais incluídas neste contrato quedarán rexistradas ao seu nome na xestora destas e os depósitos estruturados e contratos financeiros, así mesmo incluídos neste contrato, quedarán rexistrados nas súas correspondentes contas.




Na conta corrente quedará depositado o efectivo e realizaranse os cobramentos e pagamentos que deriven deste contrato. Tamén se cargará a comisión de xestión pactada a favor do Banco, así como os gastos que se indican no contrato.

O Banco ocuparase, cando isto sexa posible, de que se rexistren ou anoten nas contas identificadas neste contrato os Instrumentos e o efectivo que compoñen a súa carteira.

- 4.4. Se vostede o autoriza nas Condicións Particulares, poderemos contratar, modificar ou cancelar (total ou parcialmente) para a carteira xestionada, operacións en instrumentos financeiros derivados

Teña en conta que a contratación destes instrumentos financeiros derivados pode requirir a sinatura dun contrato específico antes de comezar a operativa como, por exemplo, o Contrato Marco de Operacións Financeiras  publicado pola Asociación Española de Banca.


A contratación destes instrumentos financeiros derivados poderá realizarse por escrito ou por teléfono e os seus termos serán esixibles desde a súa contratación sen posibilidade de anulalos. As operacións contratadas telefonicamente polo Banco en nome e por conta de vostede serán documentadas posteriormente por escrito.

- 4.5. Debe ter en conta que poden incluírse na súa carteira instrumentos sometidos ao réxime de resolución previsto na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, isto é, pasivos admisibles para a recapitalización ou instrumentos de recapitalización bancaria , dos que é informado no apartado 4.2 das condicións particulares.
- 4.6. Podemos agrupar ordes de compravenda en mercado de diferentes clientes, sempre que a lei o permita. Para iso, dispoñemos de criterios de resolución de conflitos de interese  e uns criterios obxectivos de distribución de operacións entre clientes que se detallan seguidamente:
- En caso de emitirse ordes agrupadas  para un determinado instrumento financeiro, pode acontecer o seguinte:
 - (i) Que non se poida executar a totalidade da orde. Neste caso, distribuiremos os instrumentos financeiros entre os clientes afectados, en función do volume da orde correspondente de cada cliente con respecto ao volume da orde agrupada.
 - (ii) Que os instrumentos financeiros obxecto da orde se adquiren ou transmitan a diferentes prezos. Neste caso, teremos en conta para asignar os instrumentos financeiros o número identificativo que ten asignado cada cliente e a orde cronolóxica de execución aos distintos prezos. Así, ao cliente cun número identificativo menor corresponderanlle os prezos executados en primeiro lugar.
 - Comprometémonos a aplicar en todo caso estes criterios. En caso de que os fósemos modificar, comunicáremosllo con antelación.
- 4.7. Vostede autorízanos para que poidamos gravar todas as conversas, sexan telefónicas ou comunicacións electrónicas, que manteña co Banco ao abeiro deste contrato e, ademais, terá dereito a que lle fagamos entrega dunha copia destas durante un prazo máximo de cinco anos ou, cando a autoridade competente así o solicite, durante un período de ata sete anos, así como a levar os rexistros correspondentes.

5. Cal é a duración e terminación do contrato?

- 5.1 Aduración do contrato é indefinida, pero tanto vostede coma o Banco poden dalo por finalizado en calquera momento. Abonda con que quen queira dalo por rematado avise a outra parte por escrito polo menos cun mes de antelación, agás nos supostos nos que vostede non pague as comisións ou incumpra a normativa de prevención do branqueo de capitais ou de abuso de mercado; en cuxo caso o Banco poderá finalizar o contrato de inmediato. No caso de incapacitación dalgún dos titulares, o Banco procederá á finalización do contrato na data en que recibamos a notificación de incapacitación.

En caso de extinción do contrato, temos dereito a percibir as comisións que procedan polas operacións realizadas pendentes de liquidar no momento de terminación do contrato, así como outros gastos que teña vostede pactados connosco.

A cancelación anticipada  deste contrato non afecta ás operacións xa en curso. A tramitación, liquidación e cancelación das devanditas operacións seguirán rexéndose polas condicións pactadas neste contrato.

5.2 **Con carácter previo á extinción do contrato e para o suposto de que vostede tivese na súa carteira institucións de investimento colectivo (IIC) que teñan varias clases de participacións ou accións ou que teña un fondo clónico xestionado pola mesma entidade, vostede autoriza ao Banco a que lle asigne a clase de IIC ou fondo clónico que lle corresponda unha vez extinguido o contrato, atendendo ás súas circunstancias obxectivas e subjectivas, consonte o establecido no folleto da IIC e na normativa que sexa de aplicación.**

5.3 Unha vez extinguido o contrato, renderémoslle contas da xestión realizada sobre a súa carteira nun prazo máximo de quince días.

A finalización deste contrato implicará, por razóns de reordenación, o traspaso da conta de valores e a conta corrente asociadas ao mesmo a unha oficina diferente, sen que iso supoña variación do contido dos contratos. A este respecto, remitirémoslle unha comunicación facéndolle constar a nova numeración das súas contas nas que terá ao seu dispor tanto o efectivo coma os valores depositados.

5.4 A finalización deste contrato en ningún caso suporá a cancelación dos depósitos estruturados e contratos financeiros contratados, nin o reembolso das participacións en IIC, cuxos saldos e instrumentos permanecerán ao seu dispor e seguirán o réxime previsto nos respectivos contratos.



6. Que información vai recibir vostede do Banco?

6.1. Vostede ten dereito a que lle comuniquemos, nun soporte duradeiro, a seguinte información:

(i) Todos os meses:

- a) composición detallada dos Instrumentos contratados e o efectivo que compoñen a súa carteira xestionada; a valoración desta, incluíndo datos sobre cada Instrumento, o seu valor de mercado e, no seu defecto, o valor razoable, e o saldo de efectivo ao principio e ao final do período ao que se refire a información.
- b) Variacións na composición da carteira xestionada durante o período, calculada segundo os criterios de valoración contidos no Anexo II deste contrato; o rendemento da carteira durante ese período; a comparación entre o rendemento da carteira e o indicador ou índice de referencia do rendemento do investimento; e a contía total de dividendos, xuros e outros pagamentos recibidos en relación coa súa carteira.
- c) Investimento en instrumentos financeiros emitidos polo Banco, entidades do seu grupo ou en institucións de investimento colectivo xestionadas por entidades deste.
- d) A subscripción ou adquisición de valores ou instrumentos financeiros nos que o Banco ou algunha entidade do seu grupo actúe como asegurador ou colocador da emisión ou oferta pública de venda.
- e) Os instrumentos financeiros vendidos por conta propia polo Banco ou entidades do grupo e adquiridos para a súa carteira xestionada.
- f) As operacións realizadas entre vostede e outros clientes do Banco.
- g) En caso de existir algún destes supostos, indicación dos instrumentos ou fondos que fosen obxecto de operacións de financiamento de valores, os activos tanto suxeitos coma non á Directiva 2014/65/UE e as súas medidas de execución, así como tamén os que estean suxeitos a acordos de garantía financeira con cambio de titularidade.
- h) Indicación clara dos activos que se vexan afectados por algunhas peculiaridades no que respecta á súa propiedade.
- i) Entidades que tivesen depositados, administrados ou rexistrados os instrumentos financeiros e o efectivo, especificando, de ser o caso, as contas globais (contas ómnibus).
- j) Información sobre outras operacións societarias que outorguen dereitos en relación cos instrumentos da carteira.

(ii) Unha vez ao ano:

- a) Información sobre os beneficios non monetarios menores que percibísemos de terceiros derivados deste servizo.
 - b) Información agregada sobre os honorarios, custos e gastos relacionados cos instrumentos financeiros e os servizos prestados e os custos asociados á súa execución.
 - c) Así mesmo, informáremolo sobre os datos que vostede require para efectuar a súa declaración fiscal.
- 6.2. Informáremolo cando o valor global da súa carteira, tal e como se valore ao comezo de cada período de información, se deprecie nun 10 % do seu valor e, posteriormente, en múltiplos do 10 %, tal e como se estableza na normativa de aplicación.
- 6.3. No suposto de que a súa carteira inclúa posicións en instrumentos financeiros apañados  ou operacións que impliquen pasivos contingentes , Informáremolo cando o valor inicial de cada instrumento se deprecie nun 10 % e, posteriormente, en múltiplos do 10 %, tal e como se estableza na normativa de aplicación. Poderemos remitirle a devandita información nun só documento referido a varios instrumentos.
- 6.4. No caso de que percibísemos dun terceiro un incentivo, devolverémosllo, detallándolle na información periódica a contía dos pagamentos ou beneficios.
- 6.5. Vostede pode optar por recibir en soporte duradeiro a información individual sobre cada transacción executada sempre que o solicite por escrito, ou ben, recibila no informe subministrado con carácter periódico.
- 6.6. Ademais do anterior, vostede poderá solicitar información adicional en calquera momento, cuxa elaboración poderá, de ser o caso, xerarlle un gasto.
- 6.7. Cando nos delegue o voto para o exercicio dos dereitos políticos das accións pertencentes á carteira xestionada, informáremolo expresamente, consonte o previsto na normativa vixente, da existencia de calquera conflito de interese entre o Banco e o seu grupo con algunha das sociedades ás que se refira a representación.
- 6.8. Está conforme en que poñamos á súa disposición a través da nosa web, www.bbva.es, información resumida da política de execución e da política de prevención e xestión de conflitos de interese, as cales rexen a nosa actuación nos supostos previstos nelas. Pódenos pedir información máis detallada sobre as devanditas políticas.

7. Cales son os seus dereitos?

- 7.1. Vostede ten dereito a dispor da conta corrente ou a conta de valores asociada a este servizo, pero deberá comunicárnolo por escrito con tres días de antelación por calquera medio do que quede constancia de tal comunicación.
- No suposto de se producir un descuberto na conta corrente por calquera motivo (incluído o derivado do cargo da comisión de xestión), autorízanos expresamente a vender Instrumentos suficientes de entre os que formen parte da súa carteira, para cubrir o devandito descuberto. Se se trata dunha IIC, o Banco exercerá na súa representación o dereito de reembolso ou recompra á xestora ou a quen corresponda. Serán da súa conta os gastos que se ocasionen coas operacións de venda, reembolso ou recompra.
- 7.2. Vostede ten dereito a que lle advirtamos dos conflitos de interese que se produzan no desenvolvemento da nosa actividade. Na información precontractual do servizo facilitóuselle un resumo da política de xestión de conflitos de interese.
- 7.3. Vostede ten dereito a que o Banco responda dos danos que poida causarlle polo incumprimento negligente ou doloso das obrigas asumidas por nós neste contrato. En ningún caso seremos responsables do resultado económico último da xestión nin, polo tanto, das posibles perdas derivadas do risco de investimento nos mercados financeiros.

8. Como se pode modificar este contrato?

O Banco poderá modificar as condicións deste contrato mediante a súa comunicación cun mes de antelación á súa entrada en vigor. Vostede poderá opoñerse, o que suporá a extinción do contrato. Se transcorrese o prazo do mes sen que vostede se opuxese, entenderase que as aceptou. Se as condicións fosen máis favorables para vostede, aplicaranse inmediatamente.

9. Comunicaci3ns

9.1. As comunicaci3ns e o envío de informaci3n entre as partes derivadas deste contrato, incluída a informaci3n que poidamos considerar de interese para vostede, realizaranse no mesmo idioma no que est3 subscrito o contrato e, cando a normativa así o estableza, en soporte duradeiro e por calquera medio cuxa seguridade e confidencialidade estea probada. Todo isto sen prexuízo das ordes telef3nicas que vostede poida dar consonte á normativa vixente en cada momento, sempre que vostede pactase esta canle connosco e esta estea habilitada para ese fin.

As devanditas comunicaci3ns (inclusive as avali3ns peri3dicas de idoneidade), así como a informaci3n, poder3n serlle facilitadas por calquera das canles habilitadas polo Banco en cada momento, isto 3, por correo postal, mensaxes SMS, canles de autoservizo, así como por medios electr3nicos tales como correo electr3nico, banca por Internet (a trav3s da súa 3rea persoal en equipos inform3ticos ou dispositivos m3viles (tel3fonos m3viles e tabletas)), e demais canles telem3ticas que en cada momento a tecnoloxía permita e o Banco teña habilitadas para estes efectos. No caso de que as comunicaci3ns se lle faciliten por medios electr3nicos, pode recibir, ademais, un aviso da informaci3n por correo electr3nico nos casos en que xuridicamente sexa necesario. En caso de titularidade conxunta, a comunicaci3n e o envío de documentaci3n e informaci3n realizada a calquera de vostedes, servir3 respecto de todos.

9.2. Mediante este contrato, estanos autorizando a que poidamos remitirle calquera documentaci3n que deba serlle proporcionada en soporte duradeiro, por calquera dos medios de comunicaci3n que se identificaron no apartado anterior. Entre esta documentaci3n inclúese, entre outras, a informaci3n peri3dica ou poscontractual do servizo etc. En calquera momento, vostede poder3 decidir que lle enviemos por vía postal a documentaci3n que nos indique.

9.3. Cando opte polo envío das comunicaci3ns a un terceiro, deber3nlo indicar por escrito nos termos que constan nas condi3ns particulares.

10. Servizo de atenci3n ao cliente e autoridades de supervisi3n

10.1. Poñemos ao seu dispor un Servizo de atenci3n ao cliente ao que pode dirixirse para presentar calquera queixa ou reclamaci3n:

Servicio de Atenci3n al Cliente
Apartado de correos 1598. 28080 Madrid
Enderezo electr3nico: servicioatencioncliente@grupobbva.com
Tel3fono: 912249426

Así mesmo, pode dirixirse ao Defensor do cliente, consonte o procedemento dispoñible en calquera das oficinas de BBVA e en www.bbva.es.

Oficina del Defensor del Cliente
Apartado de Correos 14460. 28080 Madrid
Enderezo electr3nico: defensordelcliente@bbva.com

En todo caso, antes de dirixirse ao Defensor do Cliente deber3 formularse reclamaci3n ao Servizo de Atenci3n ao Cliente. Dispoñemos dun Regulamento para a Defensa do Cliente, ao que se pode acceder solicit3ndoo en calquera das nosas oficinas ou a trav3s da web www.bbva.es nas ligaz3ns específicas de atenci3n ao cliente.

Se a resposta non fose satisfactoria ou transcorrese un prazo de dous meses desde a presentaci3n do seu escrito sen recibir resposta, poder3 dirixirse a: Servizo de Reclamaciones de la Comisi3n Nacional del Mercado de Valores na rúa Edison n.º 4, 28006 Madrid.

Non estamos adheridos a unha xunta arbitral de consumo para a resoluci3n de conflitos relacionados con este contrato.

11. Fondo de garantía de depósitos

11.1. Conforme coa normativa do Fondo de Garantía de Depósitos, existe unha dobre cobertura: unha para depósitos e outra para valores. En ambos os dous casos o importe da garantía é dun máximo de 100.000 euros.

11.2. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A COBERTURA DOS DEPÓSITOS.

Os depósitos mantidos en Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. están garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos (1). Límite da cobertura: 100.000 euros por depositante e entidade de crédito (2). A seguinte denominación comercial forma parte da súa entidade de crédito: BBVA. Se ten vostede máis depósitos na mesma entidade de crédito, todos os seus depósitos na mesma entidade de crédito súmanse e o total está suxeito ao límite de 100.000 euros (3). Se ten unha conta en participación con outra(s) persoa(s), o límite de 100.000 euros aplícase a cada depositante por separado (4). Período de reembolso en caso de concurso da entidade de crédito: 7 días hábiles (5). Moeda en que se realiza o reembolso: euros. Contacto: calle José Ortega y Gasset, 22 - 5.^a planta, 28006 - Madrid, Teléfono +34 91 431 66 45, Enderezo electrónico: fogade@fgd.es . Para máis información: www.fgd.es. Xustificante de recepción do depositante:

Información adicional:

(1) Se non puidese dispoñerse dun depósito debido a que unha entidade de crédito non estea en condicións de cumprir as súas obrigas financeiras, un Sistema de Garantía de Depósitos reembolsará aos depositantes. O reembolso ascende como máximo a 100.000 euros por entidade de crédito. Isto significa que se suman todos o seus depósitos efectuados na mesma entidade de crédito para determinar o nivel de cobertura. Se, por exemplo un depositante posúe unha conta de aforro con 90.000 euros e unha conta corrente con 20.000 EUR, só se lle reembolsarán 100.000 EUR.

(2) Límite da protección para as contas en participación.

No caso de contas en participación, o límite de 100.000 euros aplicarase a cada depositante. Porén, os depósitos nunha conta sobre a que teñan dereitos dúas ou máis persoas como socios ou membros dunha sociedade, unha asociación ou calquera agrupación de índole similar, sen personalidade xurídica, agréganse e trátanse como se os efectuase un depositante único a efectos do cálculo do límite de 100.000 euros.

(3) Reembolso.

O sistema de garantía de depósitos responsable é o Fondo de Garantía de Depósitos, José Ortega y Gasset, 22 5.^a planta-28006 - Madrid, teléfono +34 91 431 66 45, Enderezo electrónico: fogade@fgd.es . Reembolsaralle os seus depósitos (ata un máximo de 100.000 EUR) nos seguintes prazos: 20 días hábiles (ata o 31 de decembro de 2018); 15 días hábiles (entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2020); 10 días hábiles (entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2023) e 7 días hábiles (a partir do 31 de decembro de 2023). Se ata o 31 de decembro de 2023 o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito non puidese restituír o importe reembolsable nun prazo de sete días hábiles, pagaralles aos depositantes, nun prazo máximo de cinco días hábiles despois da súa solicitude, un importe axeitado dos seus depósitos garantidos co fin de cubrir o seu sustento. O devandito importe deducirase da suma reembolsable. Se neste prazo non se lle reembolsou, debe poñerse en contacto co sistema de garantía de depósitos, xa que o tempo durante o cal pode reclamarse o reembolso pode estar limitado. Para máis información, consulte www.fgd.es.

Outra información importante.


En xeral, todos os depositantes retailistas e as empresas están cubertos por sistemas de garantía de depósitos. As excepcións aplicables a certos depósitos poden consultarse no sitio web do sistema de garantía de depósitos responsable. A súa entidade de crédito informaráo tamén, se así o solicita, de se determinados produtos están cubertos ou non. Se os depósitos están cubertos, a entidade de crédito confirmarallo tamén nos extractos de conta.

As débedas que vostede manteña co Banco teranse en conta para calcular o importe garantido e reembolsable polo Fondo de Garantía de Depósitos.

Non se consideran depósitos garantidos os realizados por outras entidades de crédito por conta propia e no seu propio nome, así como os realizados polos suxeitos e as entidades financeiras seguintes: 1.º As sociedades e axencias de valores. 2.º As entidades aseguradoras. 3.º As sociedades de investimento mobiliario. 4.º As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, así como as sociedades xestoras de fondos de pensións, dos fondos de

titulización e de capital-risco e os depósitos das entidades que xestionan. 5.º A sociedades xestoras de carteiras e as empresas de asesoramento financeiro. 6.º As sociedades de capital risco e as súas correspondentes sociedades xestoras. 7.º Calquera outra entidade financeira definida no artigo 4.1.26) do Regulamento (UE) núm. 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013. Tampouco teñen cobertura os fondos propios da entidade de crédito, os valores representativos de débeda emitidos pola entidade de crédito, incluso as obrigas de pagamento e efectos negociables. Tampouco teñen cobertura os depósitos constituídos polas administracións públicas, coa excepción dos constituídos por entidades locais cun orzamento anual igual ou inferior a 500 000 euros. Non están garantidos os valores de que sexan titulares as persoas mencionadas nos ordinais anteriores nin os das administracións.

12. Que normativa é aplicable a este contrato?

12.1. Advertímoslle expresamente, de acordo co previsto na Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, que todas as condicións deste contrato son condicións xerais .

12.2. Ao presente contrato resúltalle aplicable a lexislación española. Para todas as cuestións deste contrato, as partes acordan someterse ao foro no que vostede teña o seu domicilio segundo este contrato.

13. Pode vostede desistir do contrato?

Informámolo de que non ten dereito a desistir deste contrato con independencia da canle utilizada para a súa formalización.

14. Sinatura diferida

14.1 A sinatura diferida permite asinar o contrato nunha canle a distancia ou, mesmo, en calquera oficina do Banco mediante un dispositivo electrónico. Para iso, o titular debe solicitalo na oficina e o Banco comunicarlle a tarefa de sinatura, mediante correo electrónico, notificación push ou equivalente, para que asine nas canles que teña dispoñibles (área privada da web ou da aplicación móbil, nunha oficina mediante sinatura dixital nunha tableta ou noutro dispositivo electrónico equivalente etc.) no prazo máximo que se indique na comunicación da tarefa de asinado.

14.2 Se o documento fai referencia a varios titulares, entenderase asinado por todos na data e hora na que o asine o último. O banco comunicarlle este feito a todos os titulares só no caso de que se cumprise a sinatura de todos dentro do prazo comunicado.

14.3 No caso de que algún dos titulares non asine no prazo indicado, a tarefa de sinatura caducará e considerarase non efectuada a contratación para ningún dos titulares. O Banco comunicarlle esta caducidade a cada un dos que non asinasen en prazo.

14.4 Será de aplicación o previsto nesta cláusula para a sinatura diferida (xa sexa por un ou varios dos titulares) de calquera documentación relacionada con este contrato, como por exemplo, entre outros, a sinatura das avaliacións e reavaliacións de idoneidade, das disposicións da carteira etc. No caso de varios titulares estarase a se o documento en cuestión debe asinarse por todos os titulares ou só por un deles (en caso de que rexa o réxime de solidariedade).

CONDICIÓN PARTICULARES DO CONTRATO-TIPO DE XESTIÓN DISCRECIONAL DE CARTEIRAS

Número de carteira:

CONVEÑEN

Primeira.- Perfil xeral do risco.

O perfil de risco que se detalla nesta cláusula correspóndese co resultado da súa avaliación de idoneidade:

- | | |
|--------------------------|-----------|
| <input type="checkbox"/> | Moi baixo |
| <input type="checkbox"/> | Baixo |
| <input type="checkbox"/> | Medio |
| <input type="checkbox"/> | Alto |
| <input type="checkbox"/> | Moi alto |

Definición dos perfís de risco:

Moi baixo: ata o 10 % en renda variable; **Baixo:** ata o 30 % en renda variable; **Medio:** ata o 50 % en renda variable; **Alto:** ata o 70 % en renda variable; **Moi alto:** ata o 100 % en renda variable.

O Banco, de maneira xustificada e atendendo a circunstancias do mercado ou criterios profesionais de investimento, poderá desviarse destas porcentaxes. Tomaranse en conta os activos financeiros seleccionados na Condición Particular Cuarta seguinte, de maneira que sexan coherentes co perfil de investimento e as operacións que poidan realizarse.

O carácter de renda fixa ou variable do produto obxecto de investimento non presupón o seu nivel de risco. Vostede debe ter en conta outros factores tales como, por exemplo: se o activo cotiza nalgún mercado organizado; o prazo de vencemento; a evolución futura das taxas de xuro que puidesen afectar á valoración dos Instrumentos; a orde de pagamento dos distintos Instrumentos en supostos de insolvencia do emisor; a valoración que os distintos participantes no mercado realicen dos instrumentos en función do seu interese investidor/cobertura e expectativas, etc.

En definitiva, a renda fixa non está exenta de risco e por iso vostede debe ser consciente de que existe a posibilidade de non recuperar o importe investido nestes Instrumentos.

Así mesmo, teña en conta que, en función do seu perfil de risco, poden incluírse na súa carteira produtos híbridos, os cales, pola súa natureza, teñen algúns aspectos asimilables á renda fixa e outros aspectos da renda variable. Os principais produtos deste tipo son as participacións preferentes e as obrigas e bonos convertibles.

Teña tamén en conta que, en función das súas preferencias investidoras e perfil de risco seleccionado, a súa carteira podería incluír produtos complexos tales como participacións preferentes, determinados instrumentos financeiros derivados etc.; de tal modo que incluso as carteiras de perfil moi baixo, baixo ou medio poden incorporar entre os activos que as compoñen produtos desta natureza.

Segunda.- Horizonte temporal do investimento/ámbito xeográfico.

O horizonte temporal e o ámbito xeográfico que se detalla nesta cláusula correspóndese co resultado da súa avaliación de idoneidade:

Horizonte temporal:

Ámbito xeográfico:

Terceira.- Índice de referencia.

Co fin de que vostede poida avaliar o resultado obtido da xestión da súa carteira, o Banco utilizará o índice de referencia composto (benchmark) acordado na proposta de carteira que se lle entregou.

O Banco poderá substituír os índices de referencia anteriores por outros distintos se considera que os novos permiten unha comparación máis exacta da categoría de investimento a que se refiren. Nese caso, o Banco comunicarllo coa suficiente antelación.

No suposto de que se modifique o seu perfil investidor, acordarase con vostede un novo índice de referencia composto.

Cuarta.- Tipo de activos que poderán contratarse.

4.1. Tipo de activos autorizados. (*)

(*) Sinala cunha X os activos que poden incluírse na súa carteira. Para iso, lea atentamente o apartado 4.2. seguinte. En caso de non marcar ningún cadro, o Banco considerará que NON poderán realizarse operacións sobre eses instrumentos.

Tipo de Instrumento	SÍ	NON
Renda Fixa		
Fondos e Sociedades de Investimento Colectivo non complexos		
Accións cotizadas		
Bonos estruturados ☒ con garantía e depósitos estruturados		
Contratos financeiros e bonos estruturados sen garantía		
Instrumentos ilíquidos, non cotizados, moi volátiles ou apencados		
Derivados con finalidade de investimento		
Derivados con finalidade de cobertura		
Débeda preferente e subordinada		
Dereitos de subscrición ☒ *		
Coberturas de empréstitos		

* Se vostede non permite que se realicen operacións sobre dereitos de subscrición, non poderán levarse a cabo adquisicións ou vendas destes no mercado secundario, coa excepción dos dereitos de subscrición preferente que vostede poida adquirir como accionista coa finalidade de redondear o número de dereitos necesarios para adquirir a acción pertinente.

4.2. Información sobre riscos de certos activos.

Teña en conta que o investimento en instrumentos financeiros derivados implica riscos, mesmo naqueles casos nos que a finalidade destes sexa de cobertura. Isto pode dar lugar a que a estratexia levada a cabo por nós, en relación coas súas preferencias investidoras e o seu perfil de risco, non teñan o resultado inicialmente previsto.

A contratación de instrumentos financeiros derivados, tanto coa finalidade de xestión do risco coma coa finalidade de investimento, implica riscos adicionais aos propios do investimento directo no activo subxacente ☒. Isto é así debido a que, con carácter xeral, os instrumentos financeiros derivados son especialmente sensibles ás variacións do prezo do subxacente, podendo multiplicarse as perdas que puidesen ocasionarse, afectando ao valor da carteira.

Adicionalmente, vostede debe ser consciente de que a contratación de instrumentos financeiros derivados fóra dos mercados organizados implica riscos adicionais, como podería ser o incumprimento da contraparte, ao non existir unha cámara de compensación que se asegure do bo fin das operacións.

Teña tamén en conta que o prazo é un dos elementos esenciais en operacións con instrumentos financeiros derivados; por iso, toda cancelación anticipada de calquera operación deste tipo requirirá o acordo previo das partes. En caso de chegarse ao acordo de cancelar anticipadamente, esta cancelación realizarase a prezos de mercado ☒, o que pode ocasionarlle unha perda económica incluso superior ao posible beneficio obtido ata ese momento na devandita operación.

Teña en conta que o investimento en determinados produtos de investimento como poden ser entre outros: (i) valores e instrumentos financeiros derivados referenciados á operativa con activos inmobiliarios, (ii) entidades de capital risco ☒, (iii) hedge funds ☒, (iv) fondos de infraestruturas ☒, pode implicar os seguintes riscos:

- a) falta de liquidez por períodos prolongados de tempo,
- b) pouca frecuencia no cálculo do valor estimado de realización,
- c) falta de sometemento da operativa a unha protección dos investidores baseada na regulación e supervisión dalgún organismo regulador do mercado de valores que conte con estándares de profesionalidade e calidade equivalentes aos da CNMV,
- d) investimento radicado en paraíso fiscal coa conseguinte falta de transparencia e cobertura por parte do Fondo de Garantía de Depósitos ou unha alta exposición ao risco, entre outros, de mercado e de contraparte.

Por último, teña en conta que o investimento en instrumentos que sexan pasivos admisibles para a recapitalización (como son os emitidos por unha entidade crediticia ou unha empresa de servizos de investimento) podería estar afectado, entre outras, polas seguintes situacións:

- a) Redución do importe nominal ou da taxa de xuro, que podería chegar a reducirse a cero.
- b) A conversión noutro produto financeiro como, por exemplo, accións ordinarias.
- c) A transmisión dos activos da entidade financeira en resolución a unha entidade ponte ou a venda dos seus activos ou negocios, limitando así a súa capacidade para cumprir coas súas obrigas de pagamento futuras.
- d) O atraso nas obrigas de pagamento da entidade en resolución ou suspensión dos seus pagamentos por un período de tempo.

Xunto co anterior, o impacto concreto que unha situación de resolución poida ter nos instrumentos de recapitalización podería variar segundo a posición xerárquica que o seu titular teña como acreedor da entidade recapitalizada, por exemplo, dependendo de se o produto é subordinado ou non. Paralelamente, pode afectar tamén á súa liquidez ou a potenciais compromisos ou pactos de recompra adquiridos pola entidade.

Quinta.- Autorizacións expresas de vostede. (*)

(*) Sinale cunha X se nos autoriza ou non ao Banco ao que se indica en cada punto. En caso de non marcar ningún, consideramos que NON existe autorización expresa.

CONTIDO DA AUTORIZACION	AUTORIZACIÓN	
	SI	NON
1.- Vostede autoriza o Banco para realizar operacións ou investimentos: (i) sobre instrumentos financeiros emitidos polo Banco ou entidades do seu grupo ou IIC xestionadas por este; ou (ii) sobre instrumentos financeiros nos que o Banco ou algunha entidade do seu grupo sexa asegurador ou colocador nunha emisión ou oferta pública de venda; ou (iii) sobre instrumentos financeiros resultantes da negociación por conta propia do Banco ou entidades do seu grupo con vostede, cando, por si ou sumadas ás posicións deses mesmos instrumentos financeiros xa existentes na súa carteira xestionada, poida representar máis dun 25 por 100 do importe total da carteira xestionada.		
2.- Vostede, adicionalmente á autorización contida no punto anterior, autoriza expresamente e con carácter xenérico ao Banco para que contrate no seu nome instrumentos financeiros derivados nos que o propio Banco actúe de contrapartida, sempre que se contraten a prezo de mercado para clientes de similares características ás súas.		

3.- Vostede autoriza o envío da información e comunicacións derivadas deste contrato ao terceiro que designa a continuación e consente que se lle cedan a aquel os seus datos persoais e económicos relativos á prestación deste servizo.

[Identificación da terceira persoa física ou xurídica]

[Domicilio de envío das comunicacións]

Vostede pode modificar esta autorización en calquera momento dirixíndose á súa oficina e asinando unhas novas condicións particulares ou un anexo específico, conforme o previsto no apartado 1.3 das condicións xerais.

Sexta.- Identificación de contas.

ENTIDADE DEPOSITARIA DO EFECTIVO:

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A

Conta corrente número:

ENTIDADE DEPOSITARIA DOS VALORES E INSTRUMENTOS FINANCIEROS:

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.

Conta de valores número:

Sétima.- Limitacións ao mandado de xestión.

Vostede poderá establecer limitacións ao mandado de xestión, para o cal deberá asinar un documento específico, que tamén deberá subscribir o Banco e que se incorporará mediante Anexo a este contrato.

Oitava.- Remuneración do Servizo de Xestión Global de Carteira .

A retribución que percibirá o Banco polo servizo de xestión discrecional de carteiras vén establecida no Anexo I e incrementarase co IVE e/ou os demais impostos que poidan ser de aplicación.

Novena.- Declaracións do cliente.

Entregámoslle antes da sinatura deste contrato un documento onde se inclúe a información precontractual do servizo e dedicámoslle o tempo e a atención necesarios para resolver as súas dúbidas. Se non foi así, póñase en contacto connosco antes de asinar este documento.

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	O/S TITULAR/ES
Por poder,	

ANEXO II

CRITERIOS DE VALORACIÓN APLICABLES AOS ACTIVOS FINANCIEROS NAS CARTEIRAS CON CONTRATO DE ASESORAMIENTO EN MATERIA DE INVESTIMENTOS

Para investimentos que cotizan ou teñen valores liquidativos nos mercados

EN ACCIÓNS E DEREITOS DE SUBSCRICIÓN, COTIZADOS EN BOLSAS NACIONAIS (EXCEPTO IIC):

- Cotización de peche de mercado.

EN ACCIÓNS E DEREITOS DE SUBSCRICIÓN, COTIZADOS EN BOLSAS ESTRANXEIRAS:

- Cotización de peche de mercado, actualizado co contravalor da divisa.

EN INSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTO COLECTIVO NACIONAIS:

- Fondos de investimento e de pensións: segundo o valor liquidativo facilitado pola entidade xestora.
- SIM e SIMCAV do Grupo BBVA: segundo o valor liquidativo facilitado pola entidade xestora.
- SIM e SIMCAV non xestionadas polo Grupo BBVA: segundo o valor de cotización nos mercados.

EN INSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTO COLECTIVO ESTRANXEIRAS:

- Fondos de investimento: segundo o valor liquidativo facilitado pola entidade xestora, actualizado co contravalor da divisa.
- SICAV comercializadas polo Grupo BBVA: segundo o valor liquidativo facilitado pola entidade xestora, actualizado co contravalor da divisa.

EN OPCIONS E FUTUROS CONTRATADOS A TRAVÉS DO MEFF:

- Valor de peche do mercado.

EN LETRAS, OBRIGAS DE PAGAMENTO, DÉBEDA REPO DO ESTADO OU EMPRESAS NACIONAIS:

- Importe de compra incrementado coa periodificación de xuros correspondentes.

RENDA FIXA NO MOMENTO DO VENCEMENTO - OBRIGAS E BONOS COTIZADOS EN BOLSAS NACIONAIS:

Cotizacións con cupón: aplícase a cotización do mercado, coas seguintes particularidades:

- Se entre a data da última cotización e a valoración da carteira non existiu un pagamento de xuros, aplícase o último cambio máis o cupón corrido entre a data da última cotización e valoración.
- Se entre a data da última cotización e a valoración da carteira existiu un pagamento de xuros, aplícase cambio 100 % na data do pagamento dos xuros, incrementado co cupón corrido ata a data de valoración.

Cotización ex-cupón: súmase a periodificación de xuros ao último cambio.

RENDA FIXA NO MOMENTO DO VENCEMENTO - OBRIGAS E BONOS COTIZADOS EN BOLSAS ESTRANXEIRAS:

- Cotización ex-cupón: súmase a periodificación de xuros ao último cambio.

ESTRUTURADOS:

- Comercializados polo grupo BBVA: valor de mercado.
- Outros comercializadores: segundo cotización obtida a través de distintas fontes de información.

ACCIÓNS PREFERENTES:

Segundo valor de mercados.

Para depósitos en efectivo

EFFECTIVO EN CONTA CORRENTE:

- Saldo dispoñible na conta.

Para investimentos que non cotizan ou a última cotización nun mercado é antiga ou non representativa

VALORES NACIONAIS:

Renda Variable:

- Situados no sector bolsista "Varios" na información da carteira:

- Se non cotizan ou non se dispón de datos de cotización.
VALORADOS POLO NOMINAL DOS TÍTULOS.
- Cotizaron nalgún mercado e deixaron de facelo por diferentes motivos.
VALORADOS DE ACORDO COA ÚLTIMA COTIZACIÓN BOLSISTA DISPOÑIBLE.
- Outros valores
 - Crebaron. VALORADOS A CERO.
 - Con información contable sociedade: VALORADOS POR VALOR CONTABLE DA DATA DISPOÑIBLE.

Renda Fixa:

- Cotizacións con cupón-mercado electrónico: aplícase a cotización do mercado, coas seguintes particularidades:
 - Se entre a data da última cotización e valoración da carteira non existiu un pagamento de xuros:
ÚLTIMO CAMBIO MÁIS O CUPÓN CORRIDO ENTRE AS DATAS DA ÚLTIMA COTIZACIÓN E VALORACIÓN.
 - Se entre a data da última cotización e valoración da carteira existiu un pagamento de xuros:
CAMBIO DO 100 % NA DATA DE PAGAMENTO DOS XUROS, INCREMENTADO CO CUPÓN CORRIDO ATA A DATA DE VALORACIÓN.
- Cotización ex-cupón-mercado MC-mercados de rodas:
Sempre se aplican periodificacións de xuros.
ÚLTIMO CAMBIO MÁIS O CUPÓN CORRIDO CORRESPONDENTE.

VALORES ESTRANXEIROS:

Renda variable:

- Situados no sector bolsista "Varios" na información da carteira, aplícanse os seguintes criterios:

- Último cambio coñecido.
- Cambio de compra.
- Nominal dos títulos.

Renda fixa:

Todos os títulos ex-cupón, aplicando á valoración por cotización a correspondente por periodificación de xuros, coas seguintes particularidades:

- Emisións novas non admitidas a cotización:
CAMBIO SUBSCRICIÓN TÍTULOS.
- Emisións que deixaron de cotizar:
ÚLTIMA COTIZACIÓN DISPOÑIBLE.
- Non se dispón de datos: ao 100 %.

GLOSARIO

Activo subxacente

Ver definición de Instrumento financeiro derivado.

Acordo de garantía financeira

Aqueles que esixen que unha parte do devandito acordo efectúe pagamentos específicos para cubrir o risco pola perda en que incorrería a parte non incumpridora se a outra parte incumprise a súa obriga de pagamento de acordo coas condicións, orixinais ou modificadas, pactadas.

Ámbito xeográfico

Zona ou zonas nas que se van levar a cabo os investimentos da carteira como, por exemplo, Europa, Estados Unidos, etc.

Amortización

Consiste na devolución da cantidade investida aos titulares dun valor. Aínda que tamén poden amortizarse accións, este termo é máis habitual referido a renda fixa: o emisor cancela a súa débeda cos investidores, ben mediante a devolución do capital na data de vencemento ou ben de forma anticipada. A amortización anticipada pode ser total ou parcial, e a opción de realizala pode corresponder ao emisor ou ao investidor, segundo se estableza nas condicións da emisión.

Asegurador dunha emisión

Entidade colocadora que nunha emisión chegou a un acordo coa sociedade emisora, a cambio do cobramento dunha comisión complementaria, para adquirir os valores que non poidan colocar entre o público. Deste xeito o emisor sabe que poderá dispoñer da totalidade dos fondos que compoñen a emisión. En España, poden actuar como aseguradoras as sociedades de valores, as entidades oficiais de crédito e os bancos e as caixas de aforros.

Avaliación de idoneidade

Conxunto de preguntas que o Banco che efectuará para obter información de que o servizo que se che vai prestar e as decisións de investimento para adoptar polo Banco, son axeitados aos teus coñecementos e experiencia, obxectivos e situación financeira.

Bonos convertibles

Produto de renda fixa (un bono) que pode converterse en accións (produto de renda variable). Dependendo do caso concreto e en función do especificado no folleto de emisión, a conversión pode ser ou ben voluntaria, a decisión da persoa que compra o bono convertible, ou obrigatoria.

Bonos estruturados

Trátase dun produto que se obtén combinando dous ou máis instrumentos financeiros, un produto de renda fixa xunto con instrumentos financeiros derivados. A parte de renda fixa adoita cumprir a función de protexer unha porcentaxe determinada do capital investido a vencemento, mentres que coa contratación do instrumento ou instrumentos derivados perséguese aproveitar a evolución (á alza ou á baixa) dun ou varios activos subxacentes. A posición adoptada en derivados outórgalles unha gran versatilidade e non só permite a súa utilización como produtos de investimento, senón tamén como instrumentos de cobertura. Aínda que xorden da combinación doutros produtos, son instrumentos financeiros con características de rendibilidade e risco propias. Por este motivo, é posible atopar baixo esta denominación produtos totalmente diferentes en canto a rendemento potencial e posibilidade de perda do capital investido.

En canto á posibilidade de perda de capital investido a vencemento, atopamos dous grupos:

Bonos estruturados con garantía de capital total ou parcial

Son bonos estruturados nos que o emisor ou garante (se o houber) deberá devolver a vencemento todo ou parte do importe nominal emitido, independentemente da evolución do subxacente, en función de se a garantía de capital é total ou parcial. Nos casos de que a garantía de capital sexa parcial, os investidores asumen o risco de perder parte do investimento a vencemento.

Bonos estruturados sen garantía de capital

Son bonos estruturados nos que o capital a risco é a totalidade do importe nominal, podendo darse o caso de

que o investidor perda a totalidade do importe investido.

Cancelación anticipada

É a terminación ou finalización dun contrato antes da data de vencemento prevista.

Carteira ou carteira xestionada

Conxunto de activos financeiros que posúe unha persoa física ou xurídica que é obxecto do servizo de investimento de xestión de carteiras. A súa composición dependerá do perfil de risco do investidor e dos activos que autorice.

Colocador dunha emisión

Entidade que no ámbito dunha oferta pública de valores, presta un servizo ao emisor ou oferente, que consiste nun compromiso para distribuír os valores entre o público a cambio do cobramento dunha comisión.

Comisión Nacional do Mercado de Valores, CNMV

Organismo público dependente do Ministerio de Economía, ao que se lle encomenda a supervisión e inspección dos mercados de valores e da actividade destes. A lei atribúelle, entre outras funcións, a de velar pola transparencia dos mercados, a correcta formación de prezos e a protección dos investidores.

Condicións xerais da contratación

Son as cláusulas predispostas, cuxa incorporación ao contrato está imposta por unha das partes, con independencia da súa extensión e de calquera outra circunstancia, redactadas coa finalidade de ser incorporadas a unha pluralidade de contratos.

Conflitos de interese

Situación que se dá cando unha entidade intermediaria, un emisor ou calquera outro axente profesional dos mercados de valores ten nunha determinada operación unhas expectativas que poden ser contrapostas ás do investidor particular (cliente, accionista, etc.). Por exemplo, pode darse conflito de interese cando a entidade que coloca entre o público unha oferta de valores actúa tamén como aseguradora, xa que se a oferta non ten éxito deberá asumir os valores non colocados; neste caso podería suceder que se dese prioridade ao labor comercializador da entidade fronte ao leal asesoramento do cliente. A Directiva de Mercados de Instrumentos Financeiros esixe que as entidades informen en cada caso sobre os posibles conflitos de interese e as políticas que teñen establecidas para o seu manexo.

Contrato financeiro

Trátase de contratos non negociados en mercados secundarios organizados. Con estes, unha entidade de crédito recibe diñeiro ou valores, ou ambas as dúas cousas, da súa clientela asumindo unha obriga de reembolso, en función da evolución no mercado dun ou varios valores, sen compromiso de reembolso íntegro do principal recibido (Orde ECC/2515/2013, do 26 de decembro). O reembolso consiste, ben na entrega de determinados valores cotizados, ben no pagamento dunha suma de diñeiro ou ambas as dúas cousas.

Contrato marco de operacións financeiras

É un acordo entre as partes que ten como finalidade a creación dunha única obriga xurídica que abrangue todas as operacións financeiras incluídas baixo el, de tal xeito que, en virtude desta, en caso de vencemento anticipado, as partes só terán dereito a esixirse o saldo neto do produto da liquidación das devanditas operacións. O saldo neto deberá ser calculado consonte o establecido no propio contrato.

Conta de valores

Conxunto de anotacións contables nas que o intermediario reflicte todas as operacións e saldos da carteira dun investidor.

Contas globais

Son contas abertas a nome do custodio. Nelas rexístranse conxuntamente os saldos de instrumentos financeiros de todos os clientes do banco custodio que optaron por este tipo de conta. Teña presente que o banco custodio sempre manterá un rexistro de detalle no que constará a identidade de cada cliente participante nunha conta ómnibus e as súas posicións de forma individualizada e inequívoca. O principal risco que asumen os clientes que optaron por unha segregación ómnibus é que o banco custodio sexa declarado insolvente ou incumpra as súas obrigas como banco custodio.

Depósito estruturado

Son depósitos bancarios (ao vencemento recuperará o capital investido) nos cales a rendibilidade está vinculada á evolución dun ou varios índices bolsistas, da cotización dun grupo de accións ou calquera outro.

Dereitos de subscrición

Nas ampliacións de capital ou na emisión de obrigas convertibles, os accionistas adoitan ter o dereito preferente de subscribir novos títulos, nunha proporción tal que lles permita manter a súa porcentaxe anterior de participación no capital social. Deste xeito dáse dereito a preservar o patrimonio dos socios antigos posto que evita a dilución dos seus dereitos económicos e políticos, que se produciría como consecuencia da entrada de novos socios despois do incremento do número de accións.

Dereitos políticos

Son aqueles dereitos que teñen os accionistas vinculados á xestión da sociedade como sería, por exemplo, o dereito a participar e votar nas Xuntas Xerais.

Dividendos

É a parte do beneficio social que se reparte entre os accionistas. Xunto coas posibles plusvalías obtidas pola revalorización, é a principal fonte de rendibilidade das accións e constitúe o dereito económico por excelencia dos seus titulares. En ocasións, a Xunta Xeral pode estimar conveniente non proceder ao reparto do dividendo.

Emisor

Entidade que orixina e pon en circulación valores ou instrumentos financeiros (que poden negociarse nos mercados de valores).

Entidades de capital risco

Aquelas sociedades de investimento cuxa actividade principal consiste en tomar participacións, con carácter temporal, no capital de empresas que se atopan en fase de creación ou desenvolvemento. A incerteza sobre a evolución do negocio fai que se trate dunha actividade reservada a investidores dispostos a asumir un elevado risco.

Entidade ponte

Son aquelas persoas xurídicas que pertencen total ou parcialmente a unha ou máis autoridades públicas (entre as que poden estar a autoridade de resolución ou o mecanismo de financiamento da resolución) e están controladas pola autoridade de resolución; e que se constitúen co propósito de recibir e manter todas ou parte das accións ou outros instrumentos de capital emitidos por unha entidade obxecto de resolución ou todos ou parte dos activos, dereitos e pasivos dunha ou varias entidades obxecto de resolución con vistas a continuar algunhas ou parte das funcións, servizos e actividades da devandita entidade ou entidades.

Fondo de garantía de depósitos

Sistema de indemnización para os depositantes que ofrece cobertura, ata un límite de 100 000 euros, cando a entidade de crédito sexa declarada insolvente e non poida restituír os instrumentos financeiros ou efectivos que tivese en depósito pola realización da súa actividade.

Fondos de infraestruturas

Vehículos de investimento que invisten en transportes, comunicacións e outro tipo de infraestruturas. Poden ser fondos de distinta natureza e características e adoitan ter unha baixa liquidez.

Fondos de investimento

Son patrimonios sen personalidade xurídica, constituídos polas achegas de múltiples investidores. A sociedade xestora que exerce a administración e representación do fondo encárgase, así mesmo, de investir estas achegas en distintos activos e instrumentos financeiros, cuxa evolución nos mercados determina os resultados, positivos ou negativos, obtidos polos investidores ou partícipes. A unidade de investimento é a participación.

Hedge funds – Fondo de investimento libre

Trátase dun grupo heteroxéneo no que poden atoparse fondos con características e niveis de risco moi dispares que, con carácter xeral, non teñen as restricións de investimento que se impoñen aos fondos tradicionais, polo que poden elixir libremente os valores e instrumentos nos que invisten. Isto implica que algúns destes fondos

incorporen un alto nivel de risco.

Horizonte temporal

Período de tempo durante o cal o investidor está disposto a manter investido o seu capital, sen que prevea necesitalo para outros fins. Algúns produtos de investimento deben ser mantidos durante un prazo determinado para que as súas características máis vantaxosas despreguen todos os seus efectos (por exemplo, os fondos garantidos teñen un horizonte recomendado de investimento que coincide co prazo ata o vencemento da garantía, xa que se se reembolsa antes desa data a garantía non é efectiva e poden rexistrarse perdas).

Índice de referencia ou benchmark

É unha referencia que se usa para facer comparacións en canto ao rendemento dun activo financeiro ou dunha carteira. En xeral, adoitan usarse índices que se tomen como referencia para valorar a eficiencia na xestión dunha carteira.

Institucións de Investimento Colectivo (“IIC”)

Fondos e sociedades de investimento que teñen como obxecto a captación de fondos do público para xestionalos e investilos en bens, dereitos, valores ou outros instrumentos (financeiros ou non). A característica determinante destes produtos é que o rendemento do investidor se establece en función dos resultados colectivos.

Instrumentos de recapitalización bancaria

Son aqueles instrumentos emitidos por entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento que, no caso de que esta quede sometida polas autoridades competentes a un proceso de resolución ou reestruturación dos previstos na Lei 11/2015, poderían verse afectados, entre outros por: (i) unha redución do importe nominal ou do tipo de xuro, que podería chegar a reducirse a cero; (ii) a conversión noutro produto financeiro como, por exemplo, accións ordinarias; (iii) a transmisión dos activos da entidade financeira en resolución a unha entidade ponte ou a venda dos seus activos ou negocios, limitando así a súa capacidade para cumprir coas súas obrigas de pagamento futuras e (iv) o atraso nas obrigas de pagamento da entidade en resolución ou suspensión dos seus pagamentos por un período de tempo indefinido.

Instrumento financeiro

Contrato que xera, ao mesmo tempo, un activo financeiro para unha das partes e un pasivo financeiro para a outra. Por exemplo, no ámbito dos mercados de valores un valor de renda fixa é un instrumento financeiro: o titular ten dereito a percibir unha remuneración mentres manteña o investimento e a entidade que o emitiu ten a obriga de abonar a devandita remuneración ao titular ata o momento do vencemento.

Instrumentos financeiros apancados

Son aqueles que permiten que os investidores logren unha maior exposición aos mercados sen ter que aumentar o capital de investimento.

Calquera instrumento financeiro que lle permita abrir unha posición que ten máis valor no mercado ca o diñeiro que pagou inicialmente é un produto apancado. Cada tipo de produto apancado funciona dunha forma distinta, pero todos eles comparten a característica de que o rendemento dos instrumentos financeiros apancados, xa se trate de perdas ou de beneficios, vese multiplicado polo efecto apancamento de tal forma que esta característica pode dar lugar a que as perdas superen o investimento inicial.

Algúns exemplos de produtos apancados son contratos por diferenza (CFD), operacións en forex, opcións, etc.

Instrumentos financeiros derivados

Son aqueles instrumentos financeiros cuxo prezo non só varía en función de parámetros como risco, prazo, etc. senón que tamén depende da cotización que acade no mercado outro activo, ao que se denomina subxacente.

Mercado organizado

Aquel que está autorizado e regulado polas autoridades competentes, e onde se realizan compravendas de instrumentos financeiros. Os contratos están estandarizados e existe unha cámara de compensación.

Oferta pública de venda

Aquela comunicación destinada á xeneralidade de investidores coa finalidade de que estes poidan tomar unha decisión informada sobre o investimento.

Operacións de financiamento de valores

Son aquelas operacións nas cales unha parte recibe uns valores doutra a cambio dun compromiso de ou ben devolvelos ou recompralos a prezo certo, nunha data futura certa. Consisten principalmente en operacións de recompra; o empréstito de valores ou materias primas e a toma de valores ou materias primas en empréstito; unha operación simultánea de compra-retrovenda ou unha operación simultánea de venda-recompra, así como operacións de empréstito con reposición da garantía.

Ordes agrupadas

Suposto no que unha entidade, por razóns de eficiencia, transmite ao mercado de forma agregada ordes de diferentes clientes.

Pacto de recompra

Acordo polo que o vendedor dun activo financeiro se compromete a volverllo mercar ao adquirente, nunha data e a un prezo predeterminado. Tamén se denominan operacións dobres.

Paraíso fiscal

É a denominación con que se fai referencia a aqueles países que aplican unha presión fiscal inferior á habitual (e tamén, a miúdo, unha regulación financeira menos estrita). Deste xeito, conseguen captar importantes volumes de capitais internacionais.

Participacións

É a parte proporcional en que se divide o patrimonio dun fondo de investimento.

Participacións preferentes

Activos financeiros que combinan as características da renda fixa e da renda variable. Os seus titulares teñen dereito a unha remuneración predeterminada non acumulativa, condicionada á obtención de suficientes beneficios distribuibles por parte dunha entidade (distinta da emisora) que actúa como garante ou por parte do grupo ao que esta pertence. Pese á súa denominación, non outorgan ningunha preferencia aos seus titulares; na orde de prelación de créditos, de feito, sitúanse por detrás de todos os acredores comúns e subordinados; só están por diante das accións ordinarias.

Pasivos continxentes

Aquel que implique para o cliente un compromiso real ou potencial de importe superior ao custo de adquisición do instrumento.

Patrimonio

Valor total do conxunto de bens propios dunha persoa ou dunha institución, susceptibles de estimación económica. Aumenta ou diminúe en función de novas vendas ou compras ou polas variacións na súa valoración no mercado, no seu caso.

Posición xerárquica

É a orde en función da cal se paga aos distintos acredores dunha entidade suxeita a unha situación de insolvencia ou resolución.

Prezo de mercado

Valor do prezo que consegue que o comprador maximice a utilidade do comprado e o vendedor o seu beneficio. É dicir, aquel que fai coincidir a oferta coa demanda.

Produtos complexos

De acordo coa normativa, son complexos aqueles instrumentos cuxas características non están suficientemente difundidas entre os investidores, para os que non existe un prezo publicamente dispoñible e que poden dar lugar a perdas reais ou potenciais superiores ao custo do investimento inicial. Considéranse produtos complexos as opcións, os futuros, os warrants e outros derivados, así como aqueles instrumentos financeiros cuxa estrutura conteña algún derivado. Debido ás características propias dos produtos complexos, estes non son susceptibles de contratación pola xeneralidade dos investidores; por iso, as entidades deben realizar unha avaliación de conveniencia con anterioridade á contratación dos produtos complexos en función da clasificación dos clientes.

Produtos híbridos

Trátase de produtos que pola súa natureza non poden clasificarse como de renda fixa nin tampouco de renda

variable. De aí o seu carácter híbrido, xa que teñen algúns aspectos asimilables á renda fixa e outros aspectos da renda variable.

Os principais produtos deste tipo son as participacións preferentes e as obrigas e bonos convertibles.

Produto subordinado

Son instrumentos financeiros emitidos normalmente por entidades de crédito que ofrecen unha rendibilidade maior ca outros activos de débeda. Porén, esta maior rendibilidade acádase a cambio de perder capacidade de cobramento en caso de extinción e posterior liquidación da sociedade, xa que está subordinado o pagamento en orde de prelación en relación cos acredores ordinarios.

Reembolso

Operación pola que o partícipe recupera todo ou parte do capital investido nun fondo de investimento, mediante a venda das súas participacións á sociedade xestora (ao valor liquidativo que resulte aplicable segundo o folleto). A xestora está obrigada a facer efectivos os reembolsos nun máximo de tres días hábiles desde a solicitude, agás para reembolsos de máis de 300 000 euros, que requiren un aviso previo de dez días.

Rendementos

Resultado dun investimento, que comprende a suma dos xuros ou dividendos obtidos máis a revalorización ou depreciación experimentada polo seu prezo en mercado. Se a depreciación é significativa pode rexistrarse un rendemento negativo, o que significaría unha perda para o investidor.

Renda fixa

Instrumento financeiro emitido por unha empresa ou institución pública, que representa os empréstitos que a entidade recibe dos investidores. A renda fixa confire dereitos económicos pero non políticos; o principal é o dereito a percibir os xuros pactados. Aínda que tradicionalmente na renda fixa os xuros estaban establecidos de forma precisa desde a data de emisión ata o vencemento, hoxe existen outras posibilidades. É frecuente que os xuros sexan variables e se atopen referenciados a tipos de xuro, como por exemplo o Euribor, índices bolsistas ou mesmo á evolución dunha acción ou cesta de accións.

Renda variable

Instrumento financeiro cuxa rendibilidade non está definida de antemán, senón que depende de distintos factores, entre os que destacan os beneficios obtidos e as expectativas de negocio da sociedade emisora. En xeral, non teñen prazo de vencemento predeterminado. Os valores de renda variable máis representativos son as accións.

Soporte duradeiro

Todo instrumento que permita almacenar a información dirixida a un terceiro persoalmente, de modo que poida recuperala e que lle permita a reprodución da información sen cambios da información almacenada (como pode ser o papel, internet, DVD, USB, disco...).

Subscrición

É un compromiso de adquisición de valores nunha emisión, no mercado primario. Tamén se emprega este termo para facer referencia á compra de participacións dun fondo de investimento.

Troco ou conversión

Posibilidade de transformar un activo financeiro noutro. Así, unha determinada obriga pode converterse nunha acción ou noutra clase de obrigas.

A diferenza entre troco e conversión atópase en que, no primeiro caso, a transformación en accións realízase mediante entrega de accións vellas que forman parte da autocartera do emisor, mentres que no segundo, entréganse accións novas.

Valor efectivo da carteira xestionada (V.E.C.)

Valor presente ou valor actual da carteira, nun momento determinado.

Vínculos estreitos

Unha situación na que dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas están vinculadas por:

- a) «participación»: a propiedade, directa ou por control, do 20 % ou máis dos dereitos de voto ou do capital dunha empresa;
- b) «control»: a relación entre unha empresa matriz e unha filial en todos os supostos mencionados no artigo 22, apartados 1 e 2, da Directiva 2013/34/UE, ou unha relación similar entre toda persoa física ou xurídica e unha empresa, entendéndose que toda empresa filial dunha filial será tamén filial da empresa matriz que está á cabeza desas empresas;
- c) unha situación de vinculación permanente cunha mesma persoa por unha relación de control.

Xestora ou Sociedade xestora de IIC

Sociedade anónima que ten como obxecto social a xestión e administración de fondos e sociedades de investimento. As súas actividades comprenden a definición e execución da política de investimento.

ANEXO

Circunstancias extraordinarias. O Banco non será responsable no caso de que non poida cumprir coas obrigas deste contrato ou de que as cumpra con atraso en circunstancias de forza maior ou en caso de declaración, por parte das autoridades, de crise sanitaria ou humanitaria que impida ou dificulte gravemente o cumprimento do contrato e, en especial, por Covid-19.

Xeración e sinatura deste documento

Data de xeración do documento:

PLAZA. de de

Sinatura do documento:

Ao asinar estará dando a súa conformidade a este documento.

Se asina desde unha canle a distancia (con clave) ou en dixital (tableta ou equivalente), a data e hora de sinatura aparecerá na pegada electrónica que se amosará ao final deste documento, con independencia da data de xeración do documento indicada anteriormente.

Se asina dun xeito manuscrito, a data da sinatura cadrará coa data de xeración do documento indicada anteriormente.

No caso de varios titulares, este documento entenderase asinado por todos na data e hora na que o asine o último deles.

Tanto o Banco coma o Titular aceptan expresamente o contido do presente contrato e os seus Anexos, que se formaliza no Modelo Contrato de xestión discrecional de carteiras, Versión 01/2019 e que consta de 26 páxinas numeradas cada unha delas da 1 á 26, en todas as que, na súa parte inferior esquerda, figuran respectivamente os devanditos Modelo e Versión.

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S. A	O/OS TITULAR/ES
Por poder,	